



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA 7 DE NOVEMBRO DE 2025

PRESIDENTE:

PABLO DIEGO MOREDA GIL

MEMBROS:

MARÍA JOSÉ PERNAS DIAZ

ISMAEL DURÁN BEREIJO

MANUELA LÓPEZ RODRÍGUEZ

AUSENTES:

Excusa a súa asistencia a Concelleira:

LUCÍA PICOS ANEIROS

SECRETARIA:

ANA VELO RUIZ

INTERVENTORA:

MARÍA CARMEN MENÉNDEZ ARES

Na Casa Consistorial do Concello de Cedeira, ás 14:00 horas do día 7 de novembro de 2025, reúnese a Xunta de Goberno Local co obxecto de realizar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, e coa asistencia dos Sres./Sras. Concelleiros/as que arriba se relacionan, actuando como Secretaria da Corporación, dona Ana Velo Ruiz, que dá fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 113 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, para a válida realización das sesións da Xunta de Goberno Local, declara aberta esta, pasándose ó estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DO 24.10.2024

De conformidade co preceptuado no artigo 91 do R.O.F., a Presidencia pregunta se existe algunha obxección á acta da sesión realizada en data 24.10.2025, ao non producirse ningunha, a Presidencia somete a votación ordinaria a súa aprobación, da que resulta aprobada por unanimidade dos Sres./Sras. Concelleiros/as.

2. PRÓRROGA DE LICENZA DE OBRAS 2021/U022/000024 (Expte: 2024/U003/000001)

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 04.11.2025, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo de data 07.11.2025, que literalmente di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Asunto: PRÓRROGA DE LICENZA DE OBRAS 2021/U022/000024 (Expte: 2024/U003/000001)



EXPEDIENTE RELACIONADO:	2021/U022/000024: Licenza para construción de vivenda unifamiliar illada
OBXECTO:	Prórroga do prazo para o inicio das obras
PROMOTOR:	
REFERENCIA CATASTRAL:	
PAZO DE INICIO DAS OBRAS:	6 Meses
CONDICIONADO DA LICENZA 2021/U022/000024	CONDICIÓNS PARTICULARES: LICENZA CON EFICACIA DIFERIDA: A documentación achegada e completa correspondente ao Proxecto básico e o seu contido é suficiente para outorgar a licenza municipal, pero insuficiente para iniciar a construción, para a que se deberá de achegar o proxecto de execución. - AFECCION SECTORIAL: Cumprirase o condicionado das administracións con competencia sectorial. CONDICIÓNS XERAIS DAS LICENZAS : XGL 03/07/2020

Vista a documentación que consta no expediente, e en concreto:

- Visto o informe técnico do Arquitecto Técnico Municipal 27.10.2025
- Visto o informe xurídico da Técnico de Administración Xeral de data 31.10.2025

Polo exposto, **PROPOÑO** que a Xunta de Goberno Local adopte o seguinte acordo:

1º) Conceder, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro, a prórroga do prazo para o inicio das obras, manténdose as condicións que motivaron o outorgamento da licenza 2021/U022/000024.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

3. LICENZA DE EDIFICACIÓN 2025/U022/000009

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 04.11.2025, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo de data 07.11.2025, que literalmente di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Asunto: LICENZA DE EDIFICACIÓN 2025/U022/000009

OBXECTO:	Legalización e terminación de obras de vivenda unifamiliar en Lg. De
PROMOTOR/A:	Aparcelamientos San Román S.L



CONSIDERACIONS URBANÍSTICAS:

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN DO SOLO:	Solo non urbanizable de núcleo rural
REFERENCIA CATASTRAL:	
ORZAMENTO DE EXECUCIÓN MATERIAL:	41.300,00 € (Modificado respecto ao orixinal)
ALTURA, VOLUMES E OCUPACIÓN DE PARCELA PERMITIDOS:	Altura cornixa: 7,00m Superficie construída: 299,10m ² Ocupación: 17,98%
DOCUMENTACIÓN PRESENTADA:	Proxecto de legalización e terminación de obras de vivenda unifamiliar de Maio 2025
TÉCNICO AUTOR DO PROXECTO E DIRECTOR DAS OBRAS:	Manuel Amable Varela Caabeiro Arquitecto COAG 2117
DIRECTOR EXECUCIÓN E COORDINADOR DE SE Y SA:	Juan Filgueiras Peña Arquitecto técnico COATAC 1514
PRAZO DE INICIO:	6 meses, segundo o artigo 145 da LSG.
PRAZO MÁXIMO DE INTERRUPCIÓN DAS OBRAS:	6 meses, segundo o artigo 145 da LSG.
PRAZO DE REMATE DAS OBRAS:	36 meses, segundo o artigo 145 da LSG.
PRÓRROGAS:	Poderán concederse, previa solicitude expresa do interesado, sempre que a licenza sexa conforme á ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga, e sen superar a duración do prazo concedido previamente
NORMAS DE APLICACIÓN DIRECTA:	As edificacións respectarán as características propias da arquitectura tradicional do lugar. A tal fin, de acordo coas condicións xerais a nova construción integrarase no entorno en canto a materiais, cores e acabados das fachadas, cubertas, carpinterías e outros elementos visibles en relación ás solucións tradicionais das edificacións existentes.
CONDICIÓN XERAIS DAS LICENZAS: XGL 03/07/2020	

Vista a documentación que consta no expediente, e en concreto:

- Visto o informe técnico emitido polo Arquitecto Municipal en data 24.10.2025
- Visto o informe xurídico emitido pola Técnico de Administración Xeral de data 29.10.2025



Polo exposto, en uso das atribucións que me confire a normativa vixente, **PROPOÑO** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1. Conceder, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro, a licenza municipal de edificación solicitada.
2. As obras executaranse de acordo co proxecto autorizado no encabezamento.
3. Advertir ao propietario/a ou promotor/a que, unha vez rematadas as obras, deberá comunicar ao Concello este feito e presentar perante a Xerencia Territorial do Centro de Xestión Catastral e Cooperación Tributario ou neste Concello que, á súa vez, remitirá a documentación de acordo coa lexislación vixente.

De conformidade co disposto no artigo 4.2 da Ordenanza fiscal reguladora do imposto de construcións, obras e instalacións, deberá presentar a autoliquidación do referido imposto no prazo de un mes a contar desde a recepción da notificación do presente acordo, a autoliquidación que terá carácter provisional.

4. Que se dilixencie o proxecto técnico obxecto desta licenza e os planos que se refiran ás condicións urbanísticas.
5. Incluir na notificación do acordo as condicións xerais e accesorias da licenza aprobadas na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada o 3 de xullo de 2020.
6. Notificar o presente acordo á persoa interesada.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

4. RECOÑECIMIENTO, FISCALIZACIÓN, APROBACIÓN E PAGO DA RELACIÓN DE FACTURAS F/2025/49

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 04.11.2025, que literalmente di:

“**Expediente:** 2025/G006/000331

Asunto: RECOÑECIMIENTO, FISCALIZACIÓN, APROBACIÓN E PAGO DA RELACIÓN DE FACTURAS F/2025/49

PROPOSTA DE ALCALDÍA

Vista a relación de facturas F/2025/49 que suma un importe total de 108.140,28 €:

Nº REX	NºFRA	DATA FRA	CIF/NIF	NOME	TEXTO	TIPO CONTRATO	PROG	ECON	IMPORTE
F/2025/2849	565/2025	26/09/2025	S1500072B	CONSORCIO GALEGO DE SERVICIOS E BENESTAR	LIQUIDACIÓN ESCOLAS INFANTÍS.	SE	3231	45100	25.650,00 €
F/2025/2868	25 319	30/09/2025	B82485855	HALLKUSS	LIMPIEZA VIARIA Y	SE	1621	22700	43.165,34 €



				CORPORATION, S.L	RECOGIDA DE RSU SEP.2025				
F/2025/3019	2025/2775	30/09/2025	A15379803	SOCIEDAD GALEGA DO MEDIO AMBIENTE	Tratamento RU Setembro 2025	SE	1623	22799	23.840,63 €
F/2025/3209	20250 28	21/10/2025	B42916080	BRULAR GESTION SL	Dirección Obra MELLORA E ACONDICIONAMENT O VIAIS	SE	450	22799	15.484,31 €
								TOTAL	108.140,28 €

Visto o informe de REPARO de Intervención de data 04.11.2025 relativo á fiscalización da relación número de facturas F/2025/49.

Visto o Decreto de Alcaldía número 604/2025 de data 04.11.2025 de levantamento do reparo.

Visto que a autorización, disposición e recoñecemento de obrigas son unhas das fases do procedemento de xestión dos gastos, de acordo co artigo 184.1 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Visto o disposto no artigo 185 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, que dispón que dentro do importe dos créditos autorizados nos orzamentos corresponderá a autorización e disposición dos gastos ao presidente ou ao Pleno da entidade de acordo coa atribución de competencias que estableza a normativa vixente.

Así mesmo, e segundo as Bases 17ª e seguintes de Execución do Orzamento do ano 2025, corresponderá ao presidente da corporación a autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das obrigas derivadas de compromisos de gastos legalmente adquiridos. Estas facultades poderán desconcentrarse ou delegarse nos termos previstos polo artigo 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril, que deberán recollese para cada exercicio, nas bases de execución do orzamento.

Como sinala o art. 8 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público “a competencia é irrenunciable e exercerase polos órganos administrativos que a teñan atribuída como propia, salvo os casos de delegación ou avocación, cando se efectúen nos termos previstos nesta ou outras leis”.

Visto que a ordenación de pagamento é unha das fases do procedemento de xestión dos gastos, de acordo co artigo 184.1.d) do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Visto o artigo 61 do RD 550/1990, do 20 de abril, que desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos, o cal define a ordenación do pagamento como o acto mediante o cal o ordenador de pagamentos, de acordo cunha obriga recoñecida e liquidada, expide a correspondente orde de pagamento contra a Tesourería da Entidade.

Atendido que a Alcaldía, facendo uso da atribución que lle confire o artigo 21.3 da LBRL, delegou na Xunta de Goberno Local, en virtude de Decreto nº 345/2023, de data de 10.07.2023, entre outros extremos “1) Autorización, disposición e ordenación de gastos e a aprobación das facturas e



certificacións de obra a partir de 12.000 euros mais IVE, dentro dos límites que competen ao Alcalde”.

Esta Alcaldía **PROPÓN** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Autorizar, dispoñer e recoñecer as obrigas da relación de facturas F/2025/49 con cargo ás aplicacións orzamentarias correspondentes do Orzamento Municipal exercicio 2025 e aprobar as correspondentes facturas, por un importe bruto de 108.140,28 euros.

SEGUNDO.- Ordenar os pagamentos con cargo ás aplicacións orzamentarias correspondentes, por un importe bruto de 108.140,28 euros.

TERCEIRO.- Notificar a presente Resolución á Intervención e Tesourería, ós efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

5. ANULACIÓN DE RECIBOS DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS E LIQUIDACIÓN. EXP: 2025/X999/000222

Visto o informe-proposta, asinado dixitalmente polo Tesoureiro accidental con data 05.11.2025, que literalmente di:

“INFORME- PROPOSTA

Asunto: ANULACIÓN DE RECIBOS DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS E LIQUIDACIÓN. EXP: 2025/X999/000222.

ANTECEDENTES

Datos ben inmoible:

Enderezo: CL

Ref catastral:

Nº fixo recibo: 253000642350

Exercicio: 2025

Primeiro. Preséntase solicitude por en data 24.10.2025 e nº de rexistro de entrada 202500000003609, para cambio de titularidade do recibo da taxa pola prestación do servizo de recollida de residuos e anulación do recibo do exercicio 2025.

Segundo. Compróbase polo Servizo de Recadación do Concello que procede a anulación do recibo do exercicio 2025, por non ser correcto o suxeito pasivo.

Terceiro. Achégase ao expediente o resultado da comprobación polos Servizos de Recadación do Concello dos datos actualizados do Rexistro Catastral de Inmoibles e os que constan no Servizo Integrado de Xestión Tributaria da Deputación da Coruña como ente delegado para a xestión da taxa.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. Competencia



A competencia orixinaria para resolver correspóndelle á Alcaldía- Presidencia, consonte o disposto na Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o Real decreto lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

A Alcaldía delegou na Xunta de Goberno Local as facultades correspondentes, consonte o disposto no Decreto 345/2023 de 10 de xullo, na letra B, núm. 4 e 13, do número terceiro, que dispón a delegación expresa nese órgano da aprobación de padróns fiscais de impostos, taxas e prezos públicos e da resolución dos recursos que se interpoñan contra os acordos en materias delegadas que se teñen detalladas nos apartados anteriores.

II. Normativa de aplicación

Son aplicables a Lei 58/2003 de 17 de decembro, xeral tributaria e a vixente Ordenanza fiscal 2.11 do Concello de Cedeira reguladora da taxa por recollida de residuos sólidos urbanos publicada definitivamente no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 104 de data 4 de xuño de 2021 na súa última versión, aplicable dende o 07.06.2021

III. Feito imponible

O artigo 2 da norma municipal define o feito imponible da taxa que consiste na prestación do servizo, de recepción obrigatoria, de recollida, transporte e tratamento de residuos domésticos e comerciais, en vivendas ou locais onde se exerzan actividades comerciais, industriais, profesionais, de servizos ou calquera outra actividade, de acordo coas definicións recollidas na lei 22/2011, de 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.

IV. Devindicación

Á data da devindicación se refire o artigo 6.2 da Ordenanza Municipal do seguinte xeito : “Establecido e en funcionamento o referido servizo, as cotas devindicaránse o primeiro día de cada ano natural, salvo que a alta ou baixa do servizo se producise con posterioridade á devandita data, en cuxo caso se prorrateará por trimestres naturais. Non producira o prorrateo nos cambios de titularidade, unha vez transcorrida a devindicación”.

V. Inscripción e variación de datos padronais

O artigo 7.3 dispón que: “Os suxeitos pasivos veñen obrigados a formalizar a súa inscrición ou a variación de datos do padrón do tributo no prazo máximo de tres meses, presentando ao efecto a correspondente declaración de alta ou variación de datos, xunto cos documentos xustificativos, e ingresando, se procede, simultaneamente, mediante autoliquidación, a cota que corresponda”.

VI. Comprobación

De conformidade co artigo 3.3 do RDL 1/2004, 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario, salvo proba en contrario e sen prexuízo do Rexistro da Propiedade, cuxos pronunciamentos xurídicos prevalecerán, os datos contidos no Catastro Inmobiliario presúmense certos.

Os datos de titularidade do ben inmovible para o exercicio 2025, segundo o Catastro, son os seguintes:



REF. CATASTRAL	ENDEREZO	TITULAR	NIF/CIF	DERECHO
				PROP. (50,00%)
				PROP. (50,00%)

VII. Anulación, liquidación e alta en padrón.

A vista do exposto no punto anterior, procede a anulación do recibo correspondente ao exercicio 2025 por non ser correcto o suxeito pasivo. Os datos do recibo a anular son:

Nº FIXO	ID. VALOR	REF. CATASTRAL	ENDEREZO TRIBUTARIO	TITULAR	NIF/CIF	EXERCICIO	COTA (€)
253000642350	20253515022RL01R003747					2025	65,00 €

Igualmente procede a liquidación da taxa de recollida de lixo correspondente ao exercicio 2025 ao titular que consta nos datos do Catastro á data de devindicación da taxa.

O dereito da Administración para determinar a débeda tributaria mediante a oportuna liquidación prescribe aos 4 anos (art. 66.a LXT), comezando o seu cómputo o día da devindicación do tributo (art. 67.1 LXT).

Por último procede a alta no Padrón fiscal do titular catastral actual.

Por todo o exposto, PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes ACORDOS:

PRIMEIRO. Anular o seguinte recibo, por non ser correcto o suxeito pasivo:

Nº FIXO	ID. VALOR	REF. CATASTRAL	ENDEREZO TRIBUTARIO	TITULAR	NIF/CIF	EXERCICIO	COTA (€)
253000642350	20253515022RL01R003747					2025	65,00 €

SEGUNDO. Aprobar a liquidación da taxa de recollida de lixo correspondente ao exercicio 2025 ao titular que consta nos datos do Catastro á data de devindicación da taxa.

TERCEIRO. Comunicar este acordo á Excma. Deputación Provincial da Coruña para o seu coñecemento e tramitación oportunos.

CUARTO. Notificar o presente acordo aos interesados.”



A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar o informe-proposta nos termos nos que quedou transcrito.

6. ANULACIÓN DE RECIBOS DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS E LIQUIDACIÓN. EXP: 2025/X999/000223

Visto o informe-proposta, asinado dixitalmente polo Tesoureiro accidental con data 05.11.2025, que literalmente di:

“INFORME- PROPOSTA

Asunto: ANULACIÓN DE RECIBOS DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS E LIQUIDACIÓN. EXP: 2025/X999/000223.

ANTECEDENTES

Datos ben inmobile:

Enderezo: LG

Ref catastral:

Nº fixo recibo: 253000647671

Exercicio: 2025

Primeiro. Preséntase solicitude por en data 27.10.2025 e nº de rexistro de entrada 202500000003626, para cambio de titularidade do recibo da taxa pola prestación do servizo de recollida de residuos e anulación do recibo do exercicio 2025.

Segundo. Compróbase polo Servizo de Recadación do Concello que procede a anulación do recibo do exercicio 2025, por non ser correcto o suxeito pasivo.

Terceiro. Achégase ao expediente o resultado da comprobación polos Servizos de Recadación do Concello dos datos actualizados do Rexistro Catastral de Inmobles e os que constan no Servizo Integrado de Xestión Tributaria da Deputación da Coruña como ente delegado para a xestión da taxa.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. Competencia

A competencia orixinaria para resolver correspóndelle á Alcaldía- Presidencia, consonte o disposto na Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o Real decreto lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

A Alcaldía delegou na Xunta de Goberno Local as facultades correspondentes, consonte o disposto no Decreto 345/2023 de 10 de xullo, na letra B, núm. 4 e 13, do número terceiro, que dispón a delegación expresa nese órgano da aprobación de padróns fiscais de impostos, taxas e prezos públicos e da resolución dos recursos que se interpoñan contra os acordos en materias delegadas que se teñen detalladas nos apartados anteriores.

II. Normativa de aplicación



Son aplicables a Lei 58/2003 de 17 de decembro, xeral tributaria e a vixente Ordenanza fiscal 2.11 do Concello de Cedeira reguladora da taxa por recollida de residuos sólidos urbanos publicada definitivamente no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 104 de data 4 de xuño de 2021 na súa última versión, aplicable dende o 07.06.2021

III. Feito imponible

O artigo 2 da norma municipal define o feito imponible da taxa que consiste na prestación do servizo, de recepción obrigatoria, de recollida, transporte e tratamento de residuos domésticos e comerciais, en vivendas ou locais onde se exerzan actividades comerciais, industriais, profesionais, de servizos ou calquera outra actividade, de acordo coas definicións recollidas na lei 22/2011, de 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.

IV. Devindicación

Á data da devindicación se refire o artigo 6.2 da Ordenanza Municipal do seguinte xeito : “Establecido e en funcionamento o referido servizo, as cotas devindicaránse o primeiro día de cada ano natural, salvo que a alta ou baixa do servizo se producise con posterioridade á devandita data, en cuxo caso se prorrateará por trimestres naturais. Non producira o prorrateo nos cambios de titularidade, unha vez transcorrida a devindicación”.

V. Inscripción e variación de datos padronais

O artigo 7.3 dispón que: “Os suxeitos pasivos veñen obrigados a formalizar a súa inscrición ou a variación de datos do padrón do tributo no prazo máximo de tres meses, presentando ao efecto a correspondente declaración de alta ou variación de datos, xunto cos documentos xustificativos, e ingresando, se procede, simultaneamente, mediante autoliquidación, a cota que corresponda”.

VI. Comprobación

De conformidade co artigo 3.3 do RDL 1/2004, 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario, salvo proba en contrario e sen prexuízo do Rexistro da Propiedade, cuxos pronunciamentos xurídicos prevalecerán, os datos contidos no Catastro Inmobiliario presúmense certos.

Os datos de titularidade do ben inmovible para o exercicio 2025, segundo o Catastro, son os seguintes:

REF. CATASTRAL	ENDEREZO	TITULAR	NIF/CIF	DERECHO
				PROP. (100,00%)

VII. Anulación, liquidación e alta en padrón.

A vista do exposto no punto anterior, procede a anulación do recibo correspondente ao exercicio 2025 por non ser correcto o suxeito pasivo. Os datos do recibo a anular son:

Nº FIXO	ID. VALOR	REF. CATASTRAL	ENDEREZO	TITULAR	NIF/CIF	EXERCICIO	COTA (€)
---------	-----------	----------------	----------	---------	---------	-----------	----------



			TRIBUTARIO				
253000647671	20253515022RL01R005376					2025	47,00 €

Igualmente procede a liquidación da taxa de recollida de lixo correspondente ao exercicio 2025 ao titular que consta nos datos do Catastro á data de devindicación da taxa.

O dereito da Administración para determinar a débeda tributaria mediante a oportuna liquidación prescribe aos 4 anos (art. 66.a LXT), comezando o seu cómputo o día da devindicación do tributo (art. 67.1 LXT).

Por último procede a alta no Padrón fiscal do titular catastral actual.

Por todo o exposto, PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes ACORDOS:

PRIMEIRO. Anular o seguinte recibo, por non ser correcto o suxeito pasivo:

Nº FIXO	ID. VALOR	REF. CATASTRAL	ENDEREZO TRIBUTARIO	TITULAR	NIF/CIF	EXERCICIO	COTA (€)
253000647671	20253515022RL01R005376					2025	47,00 €

SEGUNDO. Aprobar a liquidación da taxa de recollida de lixo correspondente ao exercicio 2025 ao titular que consta nos datos do Catastro á data de devindicación da taxa.

TERCEIRO. Comunicar este acordo á Excm. Deputación Provincial da Coruña para o seu coñecemento e tramitación oportunos.

CUARTO. Notificar o presente acordo aos interesados.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar o informe-proposta nos termos nos que quedou transcrito.

7. ANULACIÓN DE RECIBOS DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS E LIQUIDACIÓN. EXP: 2025/X999/000224

Visto o informe-proposta, asinado dixitalmente polo Tesoureiro accidental con data 05.11.2025, que literalmente di:

“INFORME- PROPOSTA

Asunto: ANULACIÓN DE RECIBOS DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS E LIQUIDACIÓN. EXP: 2025/X999/000224.

ANTECEDENTES

Datos ben inmoble:



Enderezo: LG

Ref catastral:

Nº fixo recibo: 253000747878

Exercicio: 2024/2025

Primeiro. Preséntase solicitude por en data 03.11.2025 e nº de rexistro de entrada 202500000003721, para cambio de titularidade do recibo da taxa pola prestación do servizo de recollida de residuos e anulación do recibo dos exercicios 2024 e 2025.

Segundo. Compróbase polo Servizo de Recadación do Concello que procede a anulación do recibo dos exercicios 2024 e 2025, por non ser correcto o suxeito pasivo.

Terceiro. Achégase ao expediente o resultado da comprobación polos Servizos de Recadación do Concello dos datos actualizados do Rexistro Catastral de Inmobles e os que constan no Servizo Integrado de Xestión Tributaria da Deputación da Coruña como ente delegado para a xestión da taxa.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. Competencia

A competencia orixinaria para resolver correspóndelle á Alcaldía- Presidencia, consonte o disposto na Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o Real decreto lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

A Alcaldía delegou na Xunta de Goberno Local as facultades correspondentes, consonte o disposto no Decreto 345/2023 de 10 de xullo, na letra B, núm. 4 e 13, do número terceiro, que dispón a delegación expresa nese órgano da aprobación de padróns fiscais de impostos, taxas e prezos públicos e da resolución dos recursos que se interpoñan contra os acordos en materias delegadas que se teñen detalladas nos apartados anteriores.

II. Normativa de aplicación

Son aplicables a Lei 58/2003 de 17 de decembro, xeral tributaria e a vixente Ordenanza fiscal 2.11 do Concello de Cedeira reguladora da taxa por recollida de residuos sólidos urbanos publicada definitivamente no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 104 de data 4 de xuño de 2021 na súa última versión, aplicable dende o 07.06.2021

III. Feito imponible

O artigo 2 da norma municipal define o feito imponible da taxa que consiste na prestación do servizo, de recepción obrigatoria, de recollida, transporte e tratamento de residuos domésticos e comerciais, en vivendas ou locais onde se exerzan actividades comerciais, industriais, profesionais, de servizos ou calquera outra actividade, de acordo coas definicións recollidas na lei 22/2011, de 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.

IV. Devindicación

Á data da devindicación se refire o artigo 6.2 da Ordenanza Municipal do seguinte xeito : “Establecido e en funcionamento o referido servizo, as cotas devindicaránse o primeiro día de cada ano natural, salvo que a alta ou baixa do servizo se producise con posterioridade á devandita data, en cuxo caso se



prorrateará por trimestres naturais. Non producira o prorrateo nos cambios de titularidade, unha vez transcorrida a devindicación”.

V. Inscripción e variación de datos padronais

O artigo 7.3 dispón que: “Os suxeitos pasivos veñen obrigados a formalizar a súa inscrición ou a variación de datos do padrón do tributo no prazo máximo de tres meses, presentando ao efecto a correspondente declaración de alta ou variación de datos, xunto cos documentos xustificativos, e ingresando, se procede, simultaneamente, mediante autoliquidación, a cota que corresponda”.

VI. Comprobación

De conformidade co artigo 3.3 do RDL 1/2004, 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario, salvo proba en contrario e sen prexuízo do Rexistro da Propiedade, cuxos pronunciamentos xurídicos prevalecerán, os datos contidos no Catastro Inmobiliario presúmense certos.

Os datos de titularidade do ben inmovible para o exercicio 2024 e 2025, segundo o Catastro, son os seguintes:

REF. CATASTRAL	ENDEREZO	TITULAR	NIF/CIF	DERECHO
				PROP. (60,00%)
				PROP. (40,00%)

VII. Anulación, liquidación e alta en padrón.

A vista do exposto no punto anterior, procede a anulación do recibo correspondente aos exercicios 2024 e 2025 por non ser correcto o suxeito pasivo. Os datos dos recibos a anular son:

Nº FIXO	ID. VALOR	REF. CATASTRAL	ENDEREZO TRIBUTARIO	TITULAR	NIF/CIF	EXERCICIO	COTA (€)
253000747878	20253515022RL01R000593					2025	47,00 €
253000747878	20243515022RL01R000574					2024	58,25 €

Igualmente procede a liquidación da taxa de recollida de lixo correspondente aos exercicios 2024 e 2025 ao titular que consta nos datos do Catastro á data de devindicación da taxa.

O dereito da Administración para determinar a débeda tributaria mediante a oportuna liquidación prescribe aos 4 anos (art. 66.a LXT), comezando o seu cómputo o día da devindicación do tributo (art. 67.1 LXT).



Por último procede a alta no Padrón fiscal da titular catastral actual.

Por todo o exposto, PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes ACORDOS:

PRIMEIRO. Anular os seguintes recibos, por non ser correcto o suxeito pasivo:

Nº FIXO	ID. VALOR	REF. CATASTRAL	ENDEREZO TRIBUTARIO	TITULAR	NIF/CIF	EXERCICIO	COTA (€)
253000747878	20253515022RL01R000593					2025	47,00 €
253000747878	20243515022RL01R000574					2024	58,25 €

SEGUNDO. Aprobar a liquidación da taxa de recollida de lixo correspondente aos exercicios 2024 e 2025 ao titular que consta nos datos do Catastro á data de reivindicación da taxa.

TERCEIRO. Comunicar este acordo á Excm. Deputación Provincial da Coruña para o seu coñecemento e tramitación oportunos.

CUARTO. Notificar o presente acordo aos interesados.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

8. ANULACIÓN DE RECIBOS DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS E LIQUIDACIÓN. EXP: 2025/X999/000226

Visto o informe-proposta, asinado dixitalmente polo Tesoureiro accidental con data 05.11.2025, que literalmente di:

“INFORME- PROPOSTA

Asunto: ANULACIÓN DE RECIBOS DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS E LIQUIDACIÓN. EXP: 2025/X999/000226.

ANTECEDENTES

Datos ben inmovible:

Enderezo:

Ref catastral:

Nº fixo recibo: 253000643444

Exercicio: 2025



Primeiro. Preséntase solicitude por en data 04.11.2025 e nº de rexistro de entrada 20250000003738, para cambio de titularidade do recibo da taxa pola prestación do servizo de recollida de residuos e anulación do recibo do exercicio 2025.

Segundo. Compróbase polo Servizo de Recadación do Concello que procede a anulación do recibo do exercicio de 2025, por non ser correcto o suxeito pasivo.

Terceiro. Achégase ao expediente o resultado da comprobación polos Servizos de Recadación do Concello dos datos actualizados do Rexistro Catastral de Inmobles e os que constan no Servizo Integrado de Xestión Tributaria da Deputación da Coruña como ente delegado para a xestión da taxa.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. Competencia

A competencia orixinaria para resolver correspóndelle á Alcaldía- Presidencia, consonte o disposto na Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

A Alcaldía delegou na Xunta de Goberno Local as facultades correspondentes, consonte o disposto no Decreto 345/2023 de 10 de xullo, na letra B, núm. 4 e 13, do número terceiro, que dispón a delegación expresa nese órgano da aprobación de padróns fiscais de impostos, taxas e prezos públicos e da resolución dos recursos que se interpoñan contra os acordos en materias delegadas que se teñen detalladas nos apartados anteriores.

II. Normativa de aplicación

Son aplicables a Lei 58/2003 de 17 de decembro, xeral tributaria e a vixente Ordenanza fiscal 2.11 do Concello de Cedeira reguladora da taxa por recollida de residuos sólidos urbanos publicada definitivamente no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 104 de data 4 de xuño de 2021 na súa última versión, aplicable dende o 07.06.2021

III. Feito imponible

O artigo 2 da norma municipal define o feito imponible da taxa que consiste na prestación do servizo, de recepción obrigatoria, de recollida, transporte e tratamento de residuos domésticos e comerciais, en vivendas ou locais onde se exerzan actividades comerciais, industriais, profesionais, de servizos ou calquera outra actividade, de acordo coas definicións recollidas na lei 22/2011, de 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.

IV. Devindicación

Á data da devindicación se refire o artigo 6.2 da Ordenanza Municipal do seguinte xeito : “Establecido e en funcionamento o referido servizo, as cotas devindicaránse o primeiro día de cada ano natural, salvo que a alta ou baixa do servizo se producise con posterioridade á devandita data, en cuxo caso se prorrateará por trimestres naturais. Non producira o prorrateo nos cambios de titularidade, unha vez transcorrida a devindicación”.

V. Inscripción e variación de datos padronais



O artigo 7.3 dispón que: “Os suxeitos pasivos veñen obrigados a formalizar a súa inscrición ou a variación de datos do padrón do tributo no prazo máximo de tres meses, presentando ao efecto a correspondente declaración de alta ou variación de datos, xunto cos documentos xustificativos, e ingresando, se procede, simultaneamente, mediante autoliquidación, a cota que corresponda”.

VI. Comprobación

De conformidade co artigo 3.3 do RDL 1/2004, 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario, salvo proba en contrario e sen prexuízo do Rexistro da Propiedade, cuxos pronunciamentos xurídicos prevalecerán, os datos contidos no Catastro Inmobiliario presúmense certos.

Os datos de titularidade do ben inmovible para o exercicio 2025, segundo o Catastro, son os seguintes:

REF. CATASTRAL	ENDEREZO	TITULAR	NIF/CIF	DERECHO
				PROP. (100,00%)

VII. Anulación, liquidación e alta en padrón.

A vista do exposto no punto anterior, procede a anulación do recibo correspondente ao exercicio 2025 por non ser correcto o suxeito pasivo. Os datos do recibo a anular son:

Nº FIXO	ID. VALOR	REF. CATASTRAL	ENDEREZO TRIBUTARIO	TITULAR	NIF/CIF	EXERCICIO	COTA (€)
253000643444	20253515022RL01R003670					2025	65,00 €

Igualmente procede a liquidación da taxa de recollida de lixo correspondente ao exercicio 2025 ao titular que consta nos datos do Catastro á data de devindicación da taxa.

O dereito da Administración para determinar a débeda tributaria mediante a oportuna liquidación prescribe aos 4 anos (art. 66.a LXT), comezando o seu cómputo o día da devindicación do tributo (art. 67.1 LXT).

Por último procede a alta no Padrón fiscal da titular catastral actual.

Por todo o exposto, PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes ACORDOS:

PRIMEIRO. Anular o seguintes recibo, por non ser correcto o suxeito pasivo:

Nº FIXO	ID. VALOR	REF. CATASTRAL	ENDEREZO TRIBUTARIO	TITULAR	NIF/CIF	EXERCICIO	COTA (€)
253000643444	20253515022RL01R003670					2025	65,00 €



SEGUNDO. Aprobar a liquidación da taxa de recollida de lixo correspondente ao exercicio 2025 ao titular que consta nos datos do Catastro á data de reivindicación da taxa.

TERCEIRO. Comunicar este acordo á Excma. Deputación Provincial da Coruña para o seu coñecemento e tramitación oportunos.

CUARTO. Notificar o presente acordo aos interesados.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar o informe-proposta nos termos nos que quedou transcrito.

9. APROBACIÓN DO ANTICIPO DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA A ASOCIACIÓN APADER DE CEDEIRA ANUALIDADE 2025

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 07.11.2025, que literalmente di:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

APROBACIÓN DO ANTICIPO DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA A ASOCIACIÓN APADER DE CEDEIRA ANUALIDADE 2025.

Mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 24.10.2025, aprobouse o convenio de colaboración entre o concello de Cedeira e a Asociación APADER con NIF G15051741 para o ano 2025.

O 29.10.2025 asinouse o convenio de colaboración entre o concello de Cedeira e a antedita asociación, unha vez presentada a documentación esixida na cláusula terceira do convenio.

O importe a subvencionar é de 10.000,00€ con cargo á aplicación orzamentaria 334.489.00 do orzamento municipal para o exercicio 2025.

Consta no expediente informe favorable de Intervención de data 03.11.2025 relativo ao anticipo do 100% do importe da subvención, reténdose o 30% en concepto de garantía ata a xustificación do importe concedido.

Por todo iso, de conformidade co disposto na lexislación vixente, **PROPOÑO** á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Recoñecer a obriga e aprobar o pago do anticipo correspondente ao 100% do importe subvencionado, isto é, 10.000,00€, con cargo a aplicación 334.489.00 do orzamento do ano 2025 a favor da beneficiaria, a Asociación APADER con NIF G15051741.

Segundo.- Reter o 30% do importe da subvención en concepto de garantía de conformidade con previsto na cláusula quinta do convenio.

Terceiro.- Dar coñecemento da presente resolución aos departamentos de tesourería e intervención aos efectos oportunos.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.



10. APROBACIÓN DO ANTICIPO DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA A ASOCIACIÓN ECUESTRE A CRINA DE CEDEIRA ANUALIDADE 2025

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 07.11.2025, que literalmente di:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

APROBACIÓN DO ANTICIPO DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA A ASOCIACIÓN ECUESTRE A CRINA DE CEDEIRA ANUALIDADE 2025.

Mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 24.10.2025, aprobouse o convenio de colaboración entre o concello de Cedeira e a Asociación Ecuestre A Crina de Cedeira, con CIF G15936719 para o ano 2025.

O 30.10.2025 asinouuse o convenio de colaboración entre o concello de Cedeira e a antedita asociación, unha vez presentada a documentación esixida na cláusula terceira do convenio.

O importe a subvencionar é de 3.500,00€ con cargo á aplicación orzamentaria 334.489.00 do orzamento municipal para o exercicio 2025.

Consta no expediente informe favorable de Intervención de data 03.11.2025 relativo ao anticipo do 100% do importe da subvención, reténdose o 30% en concepto de garantía ata a xustificación do importe concedido.

Por todo iso, de conformidade co disposto na lexislación vixente, PROPOÑO á Xunta de Goberno Local, a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Recoñecer a obriga e aprobar o pago do anticipo correspondente ao 100% do importe subvencionado, isto é, 3.500,00€, con cargo a aplicación 334.489.00 do orzamento do ano 2025 a favor da beneficiaria, a Asociación Ecuestre A Crina de Cedeira, con CIF G15936719.

Segundo.- Reter o 30% do importe da subvención en concepto de garantía de conformidade con previsto na cláusula quinta do convenio.

Terceiro.- Dar coñecemento da presente resolución aos departamentos de tesourería e intervención aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

11. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 604/2025 DE DATA 04.11.2025 DE LEVANTAMENTO REPARO RELACIÓN DE FACTURAS F/2025/49

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da resolución de Alcaldía núm. 605/2025 de data 04.11.2025, que di:

“Expediente: 2025/G003/000626

Asunto: LEVANTAMENTO REPARO RELACIÓN DE FACTURAS F/2025/49

DECRETO ALCALDÍA



- Vista a relación de facturas F/2025/49 que suma un importe total de 108.140,28 €:

Nº REX	NºFRA	DATA FRA	CIF/NIF	NOME	TEXTO	TIPO CONTRATO	PROG	ECON	IMPORTE
F/2025/2849	565/2025	26/09/2025	S1500072B	CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS BENESTAR	LIQUIDACIÓN ESCOLAS INFANTÍS.	SE	3231	45100	25.650,00 €
F/2025/2868	25 319	30/09/2025	B82485855	HALLKUSS CORPORATION, S.L	LIMPIEZA VIARIA Y RECOGIDA DE RSU SEP.2025	SE	1621	22700	43.165,34 €
F/2025/3019	2025/2775	30/09/2025	A15379803	SOCIEDAD GALEGA DO MEDIO AMBIENTE	Tratamento RU Setembro 2025	SE	1623	22799	23.840,63 €
F/2025/3209	20250 28	21/10/2025	B42916080	BRULAR GESTION SL	Dirección Obra MELLORA E ACONDICIONAMENTO VIAIS	SE	450	22799	15.484,31 €
TOTAL									108.140,28 €

Visto que a autorización, disposición e recoñecemento de obrigas son unhas das fases do procedemento de xestión dos gastos, de acordo co artigo 184.1 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Visto o disposto no artigo 185 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, que dispón que dentro do importe dos créditos autorizados nos orzamentos corresponderá a autorización e disposición dos gastos ao presidente ou ao Pleno da entidade de acordo coa atribución de competencias que estableza a normativa vixente. Así mesmo corresponderá ao presidente da corporación o recoñecemento e liquidación das obrigas derivadas de compromisos de gastos legalmente adquiridos. Estas facultades poderán desconcentrarse ou delegarse nos termos previstos polo artigo 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril, que deberán recollese para cada exercicio, nas bases de execución do orzamento.

Visto o informe de REPARO de Intervención de data 04.11.2025 relativo á fiscalización das facturas da relación número F/2025/49 no que se sinala o seguinte:

“(…)

Que as obrigacións responden a gastos aprobados e, no seu caso, fiscalizados favorablemente, salvo que a aprobación do gasto e o recoñecemento da obrigación deban realizarse simultaneamente. INCÚMPRESE no caso das seguintes facturas:

Nº REX	NºFRA	DATA FRA	CIF/NIF	NOME	TEXTO	TIPO CONTRATO	PROG	ECON	IMPORTE
F/2025/2868	25 319	30/09/2025	B82485855	HALLKUSS CORPORATION, S.L	LIMPIEZA VIARIA Y RECOGIDA DE RSU SEP.2025	SE	1621	22700	43.165,34 €
F/2025/3209	20250 28	21/10/2025	B42916080	BRULAR GESTION SL	Dirección Obra MELLORA E ACONDICIONAMENTO VIAIS	SE	450	22799	15.484,31 €

Non se seguiu o procedemento legalmente establecido, nin o disposto nas Bases de Execución do Orzamento.

Descrición da causa de reparo:

Facturas que corresponden a gastos tramitados sen seguir os procedementos fixados na Lei



9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público: Contratos menores.

De conformidade co disposto no artigo 118 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), considéranse contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros*, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministracións centralizados no ámbito estatal (* Excluído o IVE).*

O mesmo artigo dispón que nos contratos menores a tramitación do expediente esixirá a emisión dun informe do órgano de contratación xustificando de maneira motivada a necesidade do contrato e que non se está alterando o seu obxecto co fin de evitar a aplicación dos limiares descritos no parágrafo anterior.

Así mesmo requirirase a aprobación do gasto e a incorporación ao mesmo da factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento desta Lei establezan.

No contrato menor de obras, deberá engadirse, ademais, o orzamento das obras, sen prexuízo de que deba existir o correspondente proxecto cando sexa requirido polas disposicións vixentes. Deberá igualmente solicitarse o informe das oficinas ou unidades de supervisión a que se refire o artigo 235 cando o traballo afecte á estabilidade, seguridade ou estanqueidade da obra.

A maior abundamento, as propias bases de execución do orzamento municipais esixen un procedemento mínimo de tramitación dos expedientes de contratos menores (...)

O reparo de Intervención basease fundamentalmente na omisión no expediente de requisitos ou trámites esenciais segundo o previsto nas bases de execución orzamentaria.

A pesar de que se toman en consideración as argumentacións apuntadas pola funcionaria, a situación de recursos e medios do concello impide que se regularicen todas estas prestacións sen afectar á boa marcha do concello e á satisfacción dos intereses municipais e prestación de servizos.

Nembargantes o anterior informe de intervención, o órgano competente, neste caso o Alcalde-Presidente, procede a levantar os reparos sinalados e ordena seguir a tramitación en relación co recoñecemento, fiscalización, aprobación de facturas e pago das mesmas, procedendo coa maior brevidade posible a tramitar os procedementos obxecto de reparo.

Dada a conformidade á obras, servizo ou subministro do que deriva a factura ou documento de cargo, mediante a seguinte dilixencia: “CONFORME” e a sinatura desta Alcaldía, conforme ao recollido nas Bases de Execución do Orzamento.

Visto que a ordenación de pagamento é unha das fases do procedemento de xestión dos gastos, de acordo co artigo 184.1.d) do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Visto o artigo 61 do RD 550/1990, do 20 de abril, que desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos, o cal define a ordenación do pagamento como o acto mediante o cal o ordenador de pagamentos, de acordo cunha obriga recoñecida e liquidada, expide a correspondente orde de pagamento contra a Tesourería da Entidade.

Examinada a documentación que a acompaña, e de conformidade cos artigos 21.1.f) da Lei 7/1985, de



2 de abril, Bases do Réxime Local; 186 do RDL 2/2004, de 5 de marzo; 41.17 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais; 62 do RD 550/1990, de 20 de abril, e as Bases 17ª e seguintes de Execución do Orzamento do ano 2025, os cales atribúen ao Presidente da Entidade Local as funcións da ordenación de pagamentos.

Tendo en conta a Lei 7/1985, de 2 de abril, Bases do Réxime Local; o RDL 2/2004, de 5 de marzo; o RD 550/1990, de 20 de abril, as Bases de Execución do Orzamento do ano 2025, esta Alcaldía, en uso das facultades conferidas pola lexislación vixente,

RESOLVE:

PRIMEIRO.- Levantar o reparo suspensivo de Intervención, de conformidade co sinalado no artigo 217 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e ordenar que se continúe coa tramitación do expediente.

SEGUNDO.- Dar conta á Xunta de Goberno Local na próxima sesión que se celebre”

A Xunta de Goberno Local dáse por enterada.

12. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 605/2025 DE DATA 05.11.2025 DE APROBACIÓN DA CONVOCATORIA E BASES DO IV CERTAME DE TEATRO AFECIONADO "FUSA GUILLÉN"

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da resolución de Alcaldía núm. 605/2025 de data 05.11.2025, que di:

“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Asunto: APROBACIÓN DA CONVOCATORIA E BASES DO IV CERTAME DE TEATRO AFECIONADO “FUSA GUILLÉN”

Conforme ao previsto no artigo 25.2.m) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do réxime local, o municipio ten competencia en materia de promoción da cultura.

O Certame de Teatro Afeccionado “Fusa Guillén” nace coa vocación de promover actuacións de compañías de teatro afeccionado galegas e organizar actividades relacionadas co teatro que melloren a vida cultural da Vila de Cedeira.

Resultando que dentro do orzamento para o exercicio 2025 figura unha partida para premios de cultura na partida 334.480.00, establécense nas Bases do presente Certame premios por un importe total de 2.250 euros.

Consta documento de retención de crédito (RC) número 220250011254.

Resultando que a competencia para a aprobación das bases do certame corresponde á Xunta de Goberno Local, tendo en conta que a Alcaldía delegou nese órgano as facultades correspondentes, consonte o disposto na Resolución de Alcaldía núm. 345/2023, de 10 de xullo.

Resultando que o prazo de inscrición comeza o vindeiro 6 de novembro de 2025 é preciso aprobar a convocatoria e as bases do certame antes desta data.



Conforme as atribucións previstas na normativa vixente e as delegacións previstas, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local pola necesidade urxente de aprobar a convocatoria e bases do certame ao abeiro do previsto no artigo 10 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto para a convocatoria do IV Certame de Teatro Afeccionado “Fusa Guillén” por un total de 2.250 euros na partida 334.480.00.

TERCEIRO.- Aprobar as bases da convocatoria, que se incorporan como anexo á presente Resolución.

CUARTO.- Publicar as bases na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios do Concello.

QUINTO.- Dar conta da presente Resolución á Xunta de Goberno Local na vindeira sesión que realice.

ANEXO

IV Certame de Teatro Afeccionado “Fusa Guillén”

1. OBXECTIVO

1. O Certame de Teatro Afeccionado “Fusa Guillén” nace coa vocación de promover actuacións de compañías de teatro afeccionado galegas e organizar actividades relacionadas co teatro que melloren a vida cultural da Vila de Cedeira.

2. PARTICIPACIÓN

2.1 Este certame só está aberto a grupos de teatro afeccionado

2.2 Só se admitirá unha obra por grupo que queira participar.

2.3 As obras deberán ser representadas en galego e terán unha duración mínima de 50 minutos.

3. INSCRIPCIÓN

3.1 Para poder participar os grupos deberán cubrir unha solicitude xeral, ben presencialmente no rexistro xeral ou na sede electrónica do concello, incluíndo os seguintes datos:

- Nome do grupo
- Datos de facturación
- Nome da obra de teatro a representar e sinopse.
- Persoas que participan na obra (elenco e persoal técnico)
- Enlace a vídeo onde poder ver toda a obra, ou unha parte suficientemente representativa.
- Tres fotografías da obra en boa calidade. As fotografías presentadas poderán ser usados polo concello para publicidade do Certame de Teatro.
- Preferencia de datas

3.2 O prazo de inscrición será do 6 ao 20 de novembro de 2025

4. CALENDARIO

4.1 O Certame de Teatro Afeccionado “Fusa Guillén” terá lugar os días 5, 6 e 12 de decembro Auditorio Municipal de Cedeira.

4.2 O horario das representacións será ás 20:00 horas.

5. SELECCIÓN

5.1 Unha comisión seleccionadora composta por tres persoas da concellería de cultura e das artes escénicas será a encargada da elección dos tres grupos e dous reservas entre aqueles que formalizasen a súa inscrición en prazo, non podendo realizarse reclamacións a dita selección.

5.2 Unha vez seleccionados os grupos comunicáraselle a súa elección e acordaranse as datas de representación. Se algún grupo non poidera actuar nas datas previstas polo certame, descartarase a súa participación pasando o seguinte da lista a ocupar o seu posto.

6. REPRESENTACIÓN



6.1 Os grupos seleccionados terán a súa disposición o espazo para a montaxe do espectáculo desde as 10.00 h até as 14.00 h e desde as 16.00 h até media hora antes da representación.

6.2 Os grupos contarán co material técnico do auditorio (iluminación e son) e co persoal propio do mesmo.

6.3 A organización non facilitará elementos escenográficos de ningún tipo. Os labores de carga/descarga e montaxe/desmonte de decorados e escenografía serán realizados integramente por persoal do grupo seleccionado.

7. DIETAS

7.1 A organización aboará a cantidade de 750 € a cada grupo seleccionado en concepto de gastos pola actuación.

7.2. Para poder facer efectivo o ingreso dos gastos, os grupos seleccionados emitirán unha factura por un valor total de 750 € dirixida ao concello de Cedeira a través da sede electrónica do concello especificando no concepto a súa participación no certame.

8. CONFORMIDADE

8.1 A presentación da documentación esixida implica a aceptación das presentes bases na súa totalidade.

8.2 Calquera circunstancia non prevista nestas bases, así como a interpretación das mesmas, será responsabilidade do Concello de Cedeira, sendo as súas decisións inapelables.”

A Xunta de Goberno Local dáse por enterada.

13. ASUNTOS VARIOS

Pola Presidencia sométense a consideración da Xunta de Goberno Local, por razóns de urxencia, as seguintes propostas:

13.1 CONTRATO MENOR DE SERVIZOS DE ASISTENCIA TÉCNICA PARA A ACTUACIÓN DE NATURALIZACIÓN DO ENTORNO DA PRAIA DA MAGDALENA NA ZONA COLINDANTE CO PASEO MARITIMO. PROXECTO: XARDÍN QUE PARECE UNHA DUNA

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 07.11.2025, que literalmente di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Asunto: CONTRATO MENOR DE SERVIZOS DE ASISTENCIA TÉCNICA PARA A ACTUACIÓN DE NATURALIZACIÓN DO ENTORNO DA PRAIA DA MAGDALENA NA ZONA COLINDANTE CO PASEO MARITIMO. PROXECTO: XARDÍN QUE PARECE UNHA DUNA

Expte. 2025/C002/000044

O Concello de Cedeira é o encargado de levar a cabo o mantemento do paseo marítimo de Cedeira en todas as actuacións que se leven a cabo nel.

O Ministerio para Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico do Goberno de España acaba de executar una obra denominada ACTUACIÓN NA MORFOLOXÍA NA PRAIA DA MADALENA. Este proxecto non contemplaba a adecuación dos terreos existentes entre o muro do paseo marítimo e a empalizada de madeira que se levou a cabo durante a execución dos traballos. Dende o concello de Cedeira queremos naturalizar ese espazo cunhos xardíns que se adapten ao sistema dunar para que a zona quede en consonancia coas dunas da Praia. Por iso é necesario contratar un proxecto de execución así como a supervisión dos traballos de xardinería e a súa posterior evolución.

Os traballos a desenvolver serían os seguintes:

- Análise documental e recoñecemento da área de actuación.



- Elaboración dun anteproxecto: PROPOSTA DE XARDÍN QUE PARECE UNHA DUNA.
- Traballos de topografía.
- Proxecto de execución.
- Execución dos traballos: supervisión material vexetal, das actuacións e do estado final.
- Supervisión da evolución das actuacións – ano 1

Para a realización de naturalización do entorno da Praia da Madalena, na zona colindante co paseo marítimo, proxecto: Xardín que parece una duna, recibíuse o seguinte orzamento:

- NOVOTEC CONSULTORES, S.A. (R.E. 20259900002277 de 27.10.2025). Presenta o orzamento núm. 5829201980_73_711035 Ed.1 polo importe de 13.500,00 € sen IVE (16.335,00 € IVE incluído).

Non se solicitaron máis ofertas, xa que o concello manifesta a súa preferencia por este proxecto e só esta empresa dispón dos medios e da capacidade necesarios para levalo a cabo.

Con data 29.09.2025 o órgano de contratación emitiu unha proposta de gasto por un importe total de 16.335,00 € (IVE incluído).

Consta no expediente o informe de retención de crédito de data 30.10.2025 emitido pola Intervención municipal, polo mesmo importe.

Por todo o exposto, **PROPOÑO** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

- 1.- Declarar a conformidade coa proposta presentada.
- 2.- Aprobar o gasto e adxudicar mediante un contrato menor a NOVOTEC CONSULTORES, S.A., con CIF A78068202, o servizo de asistencia técnica para a actuación de naturalización do entorno da Praia da Madalena, na zona colindante co paseo marítimo, proxecto: Xardín que parece una duna, polo importe total de 13.500,00 € e 2.835,00 € en concepto de IVE (total IVE incluído: **16.335,00 €**).
- 3.- Notificar o presente acordo ao adxudicatario.
- 4.- Dar traslado deste acordo aos servizos municipais de Intervención e Contratación.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda ratificar a urxencia e aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

13.2 APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN NÚM. 2-FINAL DA OBRA “MELLORA E ACONDICIONAMENTO DOS VIAIS MUNICIPAIS 480, 388, 332 E OUTROS 12”. POS+ADIC 2/2024

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 07.11.2025, que literalmente di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Expediente número: 2024/C003/000001

Asunto: aprobación da certificación núm. 2-FINAL da obra “MELLORA E ACONDICIONAMENTO DOS VIAIS MUNICIPAIS 480, 388, 332 E OUTROS 12”. POS+ADIC 2/2024



Visto que con data 20.10.2025 (R.E. 2025/999/2210) D. Miguel Fiuza Canosa, director da obra denominada “Mellora e acondicionamento dos viais municipais 480, 388, 332 e outros 12”, presentou a seguinte documentación correspondente á empresa adxudicataria EXCAVACIONES Y OBRAS MELCHOR S.L., con CIF B70336482:

- Certificación de obra núm. 2-FINAL polo importe de 205.094,04 €
- Reportaxe fotográfica
- Informe técnico da certificación de obra núm. 2-Final
- Informe final de dirección de obra

Visto que a Acta de recepción formalizouse con data 20.10.2025.

Visto que a factura con núm. de rexistro de facturas F/2025/3317, de data 21.10.2025, núm. de factura Emit-3, correspondente á certificación núm. 2-Final da obra “Mellora e acondicionamento dos viais municipais 480, 388, 332 e outros 12” por importe de 205.094,04 €, foi expedida polo adxudicatario nos termos do RD 1619/2012 e Lei 25/2013, do 27 de decembro e presentada telematicamente.

Visto o informe con reparo de Intervención de data 04.11.2025 por non cumprir co prazo de execución da obra.

Visto o informe do director de obra de data 20.10.2025 no que se sinala *“Las obras finalizaron el 30/09/2025, acumulando un retraso de 16 días naturales respecto al plazo vigente (tras la prórroga concedida hasta el 14/09/2025). Dicho retraso se debe exclusivamente a la demora en la ejecución de los trabajos de señalización viaria por parte de la empresa subcontratada para tal fin.*

Si bien la causa directa del retraso no es imputable al contratista principal, éste mantiene la responsabilidad global sobre la correcta ejecución y finalización del conjunto de las obras. No obstante, la aplicación de eventuales penalizaciones por demora se considera una decisión discrecional del promotor, no siendo el objetivo de la presente dirección facultativa promover su aplicación”.

Visto o decreto de Alcaldía número 607/2025 de data 06.11.2025 de levantamento do reparo da aprobación da certificación de obra número 2-final.

Visto que a ordenación de pagamento é unha das fases do procedemento de xestión dos gastos, de acordo co artigo 184.1.d) do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Visto que de conformidade co art. 185.2 TRLRFL “Corresponderá ao presidente da corporación o recoñecemento e liquidación das obrigacións derivadas de compromisos de gastos legalmente adquiridos”.

Visto o artigo 61 do RD 550/1990, do 20 de abril, que desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos, o cal define a ordenación do pagamento como o acto mediante o cal o ordenador de pagamentos, de acordo cunha obriga recoñecida e liquidada, expide a correspondente orde de pagamento contra a Tesourería da Entidade.



Examinada a documentación que a acompaña, e de conformidade cos artigos 21.1.f) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Bases do Réxime Local; 186 do RDL 2/2004, de 5 de marzo; 41.17 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais; 62 do RD 550/1990, de 20 de abril, e Base 19ª de Execución do Orzamento do ano 2025, que é o prorrogado do ano 2024, os cales atribúen ao Presidente da Entidade Local as funcións da ordenación de pagamentos.

Visto que a ordenación de pagamento é unha das fases do procedemento de xestión dos gastos, de acordo co artigo 184.1.d) do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Visto que de conformidade co art. 185.2 TRLRFL “Corresponderá ao presidente da corporación o recoñecemento e liquidación das obrigacións derivadas de compromisos de gastos legalmente adquiridos”.

Visto o artigo 61 do RD 550/1990, do 20 de abril, que desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos, o cal define a ordenación do pagamento como o acto mediante o cal o ordenador de pagamentos, de acordo cunha obriga recoñecida e liquidada, expide a correspondente orde de pagamento contra a Tesourería da Entidade.

Examinada a documentación que a acompaña, e de conformidade cos artigos 21.1.f) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Bases do Réxime Local; 186 do RDL 2/2004, de 5 de marzo; 41.17 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais; 62 do RD 550/1990, de 20 de abril, e Base 19ª de Execución do Orzamento do ano 2024, os cales atribúen ao Presidente da Entidade Local as funcións da ordenación de pagamentos. Tendo en conta a Lei 7/1985, de 2 de abril, Bases do Réxime Local; o RDL 2/2004, de 5 de marzo; o RD 550/1990, de 20 de abril, as Bases de Execución do Orzamento do ano 2025, esta Alcaldía, en uso das facultades conferidas pola lexislación vixente, **propón** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar a certificación de obra núm. 2-Final da obra “Mellora e acondicionamento dos viais municipais 480, 388, 332 e outros 12” a favor do contratista EXCAVACIONES Y OBRAS MELCHOR S.L., con CIF B70336482, polo importe de DOUSCENTOS CINCO MIL NOVENTA E CATRO EUROS CON CATRO CÉNTIMOS DE EURO (205.094,04 €).

SEGUNDO.- Recoñecer a obriga correspondente da factura con núm. de rexistro de facturas F/2025/3317, de data 21.10.2025, nº de factura Emit-3, correspondente á certificación núm. 2-Final da obra “Mellora e acondicionamento dos viais municipais 480, 388, 332 e outros 12” por importe de 205.094,04 €, con cargo á aplicación orzamentaria 454.619.00 do vixente Orzamento Municipal exercicio 2025, que é o prorrogado do ano 2024 e aprobar a correspondente factura, por un importe de DOUSCENTOS CINCO MIL NOVENTA E CATRO EUROS CON CATRO CÉNTIMOS DE EURO (205.094,04 €).

TERCEIRO.- Ordenar o pagamento con cargo á aplicación orzamentaria 454.619.00 do vixente Orzamento Municipal exercicio 2025, que é o prorrogado do ano 2024, por un importe de DOUSCENTOS CINCO MIL NOVENTA E CATRO EUROS CON CATRO CÉNTIMOS DE EURO (205.094,04 €).

CUARTO.- Remitir á Excm. Deputación Provincial da Coruña a documentación necesaria para os efectos xustificativos correspondentes.



QUINTO.- Notificar este acordo á empresa adxudicataria e ao director de obra.

SEXTO.- Dar traslado aos servizos municipais de Intervención e Tesourería; así como ao de Contratación.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda ratificar a urxencia e aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

13.3 DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 607/2025 DE DATA 06.11.2025 DE LEVANTAMENTO DE REPARO DA APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN NÚM. 2-FINAL DA OBRA “MELLORA E ACONDICIONAMENTO DOS VIAIS MUNICIPAIS 480, 388, 332 E OUTROS 12”. POS+ADIC 2/2024

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da resolución de Alcaldía núm. 607/2025 de data 06.11.2025, que di:

“DECRETO DE ALCALDÍA

Expediente número: 2025/G003/000632

Asunto: LEVANTAMENTO DE REPARO DA APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN NÚM. 2-FINAL DA OBRA “MELLORA E ACONDICIONAMENTO DOS VIAIS MUNICIPAIS 480, 388, 332 E OUTROS 12”. POS+ADIC 2/2024

Visto que con data 20.10.2025 (R.E. 2025/999/2210) D. Miguel Fiuza Canosa, director da obra denominada “Mellora e acondicionamento dos viais municipais 480, 388, 332 e outros 12”, presentou a seguinte documentación correspondente á empresa adxudicataria EXCAVACIONES Y OBRAS MELCHOR S.L., con CIF B70336482:

- Certificación de obra núm. 2-FINAL polo importe de 205.094,04 €
- Reportaxe fotográfica
- Informe técnico da certificación de obra núm. 2-Final
- Informe final de dirección de obra

Visto que a Acta de recepción formalizouse con data 20.10.2025.

Visto o informe con reparo de Intervención de data 04.11.2025 por non cumprir co prazo de execución da obra.

Visto o informe do director de obra de data 20.10.2025 no que se sinala “*Las obras finalizaron el 30/09/2025, acumulando un retraso de 16 días naturales respecto al plazo vigente (tras la prórroga concedida hasta el 14/09/2025). Dicho retraso se debe exclusivamente a la demora en la ejecución de los trabajos de señalización viaria por parte de la empresa subcontratada para tal fin.*”

Si bien la causa directa del retraso no es imputable al contratista principal, éste mantiene la responsabilidad global sobre la correcta ejecución y finalización del conjunto de las obras. No obstante, la aplicación de eventuales penalizaciones por demora se considera una decisión discrecional del promotor, no siendo el objetivo de la presente dirección facultativa promover su aplicación”.



Tendo en conta a Lei 7/1985, de 2 de abril, Bases do Réxime Local; o RDL 2/2004, de 5 de marzo; o RD 550/1990, de 20 de abril, as Bases de Execución do Orzamento do ano 2025, esta Alcaldía,
RESOLVE:

PRIMEIRO.- Levantar o reparo suspensivo de Intervención, de conformidade co sinalado no artigo 217 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e ordenar que se continúe coa tramitación do expediente por considerar que a obra realizouse de acordo co proxecto aprobado e o retraso na súa execución no foi por causas imputables á empresa contratista, tal e como sinala no seu informe de data 20.10.2025 o director de obra.

SEGUNDO.- Dar traslado aos servizos municipais de Intervención e Tesourería; así como ao de Contratación.

TERCEIRO.- Dar conta á Xunta de Goberno Local na próxima sesión que se celebre.”

A Xunta de Goberno Local acorda ratificar a urxencia e dáse por enterada.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás 14:06 horas do expresado día, estendéndose a presente acta do que eu, como Secretaria, dou fe.

O PRESIDENTE
PABLO DIEGO MOREDA GIL

A SECRETARIA
ANA VELO RUIZ